



Dos mociños e das mozas
moito vos teño que contar
porque andan de señores
a quen máis ha de ghanar.

Empezaremos po-las mozas
que son as máis zalameiras
que pra facerse bonitas
hasta pintan as orellas.

Pintan os labios i as cexas
que parece unha hermosura,
algunhas levan na cara
catro quilos de pintura.

O que ghasades en polvos
con pinturas e almidón,
mellor vos fora metelo
en pastillas de xabron.

Que as que non levan camisa
lévana coma un carbón
e de comida señores
pasan a media ración.

As mozas que están solteiras
astr'ós vintecinco anos
teñen medo se quizás
quedan pra cocelos nabos.

A que ten un novio
se aproveita da ocasión
porque ningunha quer quedar
tocando o kreieleisón.

E encanto non se casan
son de moi bo corazón
e despois queren traelo home
a media ración.

E cando el vai pó traballo
como non sabe o que pasa
ela come de demonio
ben descansada na casa.



E cando vén pra xantar
d'arreglar a súa vida
todas din qu'están enfermas,
que non lles entra a comida.

Todo home que se casa
cunha muller que é larpeira
mal arreglado non anda,
xusticia da carballeira.

I as vellas son coma o demo
non hai quen poida con elas
eu xa estou aborrecido
de pelexar coas vellas.

Eso que eu non teño soghra
que solo foi miña abuela
encanto estivo na casa
solo quixo mandar ela.

Os mozos que andan á tuna
ben se saben entender
compren de tódolos gustos
non saben que lle han facer.

As rapazas que lles gustan
téñenlle moita afición
pero despois que se casan
andan de conversación.

A noite van prá taberna
póñense'a comer e a beber.
non lles acorda máis nada
que falar mal da muller.

Un di que a súa é larpeira
un di qu'a súa é falsa,
ai, pero non lles acorda
do que lle pasa na casa.

Outros pónense a xogar,
viño, aughardente ou comida
ó que lle cadra perder
lévalle os días da vida.

Márchase d'alí rabiando
chega á casa incomodado,
cazolas, tazas e pratos
bailan o zapateado.



A muller si está calada
lévalle o demo que ten
e si di algo non pasa
sin ter que bailar tamén.

E vén o cabo da semana
e si non hai que comer
nunca lle faltan trompazos
á desgraciada muller.

Despois contan mil maldades
non saben que han de facer,
o home que non a ten
rabea pola encontrar.

A que se chega a casar
cun home que é borrachón,
ten que vendelo que haxa na casa
para mercar sal e xabron.

As señoras costureiras
que cosen polas aldeas,
enghordan coma demonios
co pan das casas alleas.

E si iban p'algún sitio
e non lles fan boa vida
botan puntadas de cego
para acabar de seguida.

Modistas e palilleiras
son de moi bos sentimentos
pero si non teñen novios
andan levadas dos demos.

As mulleres das aldeas
se non teñen que vender,
son capaces de deixar
ós seus fillos sin comer.

Os que están máis fatigados
son os pobres labradores
que teñen que traballar
pra oficiais e señores.

Traballan de noite e día
aguantando frío e calor,
ricos e pobres comemos
á conta do labrador.



Teñen que pagalas deudas,
consumo e contribución
eles ó fin son quen teñen
que sostenela nación.

Os señores albañiles
si axustan alghunha obra
andán listos coma raios
non hai oficial que os colla.

Pero sin andan ó xornal
como é precio sabido
vai con moito punto e coma
queda moi arreghladiño.

Ata os ferreiros
a conta dos labradores
ghobernan a súa casa
como si fosen señores.

E si vai un paisano
encargarlle alghún apeiro
bótanlle as ferramentas
ferro no sitio do aceiro.

E logo si vai un rico
mudan de conversación
sírvenlle completamente
con toda satisfacción.

Os señores panadeiros
saben tantas picardías
que lle mesclan ás fariñas
un sin fin de porquerías.

E cando vai un pobre
por unha libra de pan
danlle doce ou trece onzas
e gracias cando llas dan.

E logho si vai un rico
por catorce ou vinte libras
danlle quince ou vinteunha
pra que lle volva outro día.

Os pobres necesitados
podemos considerar
que nos soban a cabeza,
hai que sufrir e calar.



As señoras aldeanas
cando van vendelo leite
se a vaca lle da tres cuartillos,
elas levan seis ou sete.

Con almidón e con augha
arman gran compusición
e despois mexan na lata
pra rematala cuestión.